

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de abril de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cincuenta minutos do día dez de abril de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(322).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(323) .- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN "VIVE VIGO". EXPTE. 5039/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.04.14, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 10.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a J&J Publicidad y Comunicación, S.L. o procedemento negociado con publicidade da campaña de promoción "Vive Vigo". (expediente 5039-104) por un prezo total de 161.425,37 euros (IVE incluído), Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.